

Bloque

Meis

Número 7. Epoca 2ª / Xaneiro 2010

“A rede de saneamento non funciona ou non existe”

Impreso postal sen enderezo

Meis: situación económica de abandono

O BNG en Meis traballa arreo na procura de conseguir que o noso concello teña aquilo que precisa e ao que ten dereito. Loita desde a oposición para que as demandas e as necesidades vitais da poboación sexan atendidas e para que os orzamentos municipais as contemplen. Fiel reflexo disto son as emendas aos orzamentos municipais e as ducias de propostas presentadas.

Mais comprobamos como os intereses do PP van por outros derroteiros. O desequilibrio económico e a mala situación financeira á que nos leva a incompetencia do goberno municipal reflíctese unha vez máis. Nesta ocasión, o goberno popular de Meis volveu pedir un préstamo, esta vez de máis de 350.000 €, para pagar débedas atrasadas. A cousa non queda aí. Inflan os orzamentos, pero non hai unha xestión política que teña proxectos para Meis nin partidas orzamentarias do goberno da Xunta. Meis segue sen figurar no mapa político para o Partido Popular.

Comprobamos atónitos como o Concello de Meis se asemella máis a unha oficina do INEM para o propio PP e os seus “fans”, que a unha institución que traballa para o ben común, como deba ser.



A portavoz do BNG no Concello de Meis

Suba de impostos

Presentan previsións de ingresos que non son reais, pero o certo é que o goberno municipal o único xeito que coñece de obter cartos é a través dos impostos aos veciños e veciñas; impostos directos que sabrean a economía das familias meisinas e que seguen a subir dun xeito desproporcionado.

A pesar de que os impostos soben, os investimentos reais baixan. Redúcense os gastos en servizos básicos, en servizos sociais, a rede de saneamento non funciona ou non existe, a rede de auga potábel é só un soño para a meirande parte dos veciños e moitos accesos a núcleos son corredoiras cheas de baches.

Non hai un reflexo de reactivación de sectores produtivos nin políticas económicas de incentiación empresarial, agro-gandeira ou de calquera outro

tipo, que fagan reavivar a economía do noso concello.

A austeridade requirida non consiste en mercar menos folios, consiste en aproveitar ao máximo os recursos técnicos e humanos, ademais de facer un estudo da realidade meisina.

O BNG vén de presentar tamén emendas aos orzamentos da Xunta, en concreto a solicitude de partida orzamentaria para a concentración parcelaria en Nogueira, San Tomé, San Lourenzo, Armenteira e San Martiño. Dirixímonos, ademais, á Consellaría do Medio Rural para solicitar un convenio para realizar un centro de interpretación no Castrove.

O noso labor vai dirixido a intentar mellorar o tecido produtivo no noso concello e a potenciar aqueles sectores que poden ser unha vía de futuro tanto para a economía, como para o aumento poboacional e a calidade de vida en Meis.



www.bng-galiza.org
Edita: BNG Meis

A democracia que entende o alcalde

Ante os feitos ocorridos nas asembleas da Comunidade de Montes de San Tomé celebradas o 13 de setembro e o 30 de outubro, a actitude do alcalde deixou estupefactos a comeneiros, veciños e veciñas, que desataron unha serie de críticas en todo o concello respecto do acontecido. O señor alcalde puxo por diante os seus intereses particulares, creuse co poder absoluto e dono de todo o concello. Asistiu á asemblea á que non foi convidado coa intención de impoñer o seu criterio por enriba do dos veciños e veciñas. Faltoulles ao respecto tanto aos comeneiros e comeneiras como á directiva, máis concretamente ao avogado e ao presidente, chegando incluso ao insulto, e tivo que persoarse a Garda civil no lugar. No caso da primeira asemblea, chegouse ao punto de ter que suspendela. Non entende que organismos como as Comunidades de Montes teñen un funcionamento democrático e liberdade para debater e decidir sobre as cuestións que lles incumben á marxe da opinión e intereses do alcalde. Parécenos vergoñento e deplorable que un representante político, que ademais dirixe o Concello, dea esta imaxe diante dos seus propios veciños e veciñas, cremos que deteriora a calidade da política municipal e a confianza que deposi-



Vista da Parroquia de San Tomé

tan nos seus representantes democraticamente elixidos. Por todo isto, cremos que o alcalde debería reflexionar sobre a súa penosa actitude e demitir, porque con isto amosaría publicamente que entende que cometeu un erro moi grave ao ser unha persoa capaz de rectificar mentres que, se permanece no cargo sen desculpase, demostra que esa é a maneira que el ten de entender a democracia.

O traballo feito polo BNG de Meis

Foron moitas as propostas efectuadas polo Bloque Nacionalista Galego nestes últimos meses ao grupo de goberno e foron tamén moitas as cuestións presentadas polo BNG ao pleno do Concello de Meis. Estas son algunhas delas:

-Moción para que os parques infantís se adapten a lexislación vixente e cumpran as normas de seguridade.

-Moción para a mellora e posta en valor do contorno das Aceñas, Paradela.

-Moción para que a celebración da Semana Santa de Paradela sexa declarada de interese a nivel estatal.

-Moción sobre os problemas de saneamento na parroquia de San Salvador.

-Moción sobre os problemas de saneamento no Mosteiro.

-Moción en defensa do idioma galego.

Algúns dos temas e interpelacións do BNG sen tratar:

- Problemas de saneamento en Zacande.

-Nova estrada Vilagarcía-Pontevedra: veciñanza e empresas afectadas, consecuencias sobre os terreos

privados e das CCMM, de San Tomé e San Lourenzo, circuito de karting...

-Centro de día.

-Punto limpo.

-Canceira comarcal en Meis.

-Petición dunha comisión informativa sobre o polígono industrial. Etc. etc. etc...

Son cuestións importantes para todos menos, parece ser, para o equipo de goberno do PP. Agardamos aínda a que se traten moitas delas, pois fan uso abusivo da maioría absoluta e néganse a tratar temas de gran envergadura para os veciños e veciñas de Meis.

No último pleno, o señor alcalde non respondeu a ningunha das preguntas nin das suxestións que lle formulou a portavoz do BNG sen dar ningún tipo de explicación. Estamos a falar de cuestións importantes para o concello.

Mocións presentadas polo BNG seguen sen ser levadas ao pleno e argumentouse que "non tiveron tempo a estudalas e que son cousas que hai



Concello de Meis

que meditar moito". Non dubidamos da capacidade de meditación do equipo de goberno, pero parécenos que 6 e até 8 meses para meditar unha moción que pide, por exemplo, que os parques infantís cumpran as normas de seguridade ás que obriga a lei, é moito meditar.

Dende logo, no BNG non deixaremos de presentar cuestións que son básicas para o concello nin de levar ao pleno todos os problemas e necesidades que nos propoñen os veciños e veciñas, como sempre fixemos.

Competencia desleal dende a Deputación de Pontevedra con Pousadas do Salnés

A Deputación de Pontevedra actúa na comarca do Salnés só para quen lle rende culto, isto é ao que nos ten acostumados o señor Louzán e o seu séquito aos veciños da zona. Con esta proposta de construción de pousadas con cartos públicos dos Fondos Feder da Unión Europea, unha vez realizadas, Louzán repartirá entre as mans privadas unhas instalacións que afojarán o sector xa establecido, que agoniza de melloras substanciais nestes tempos tan duros.

Non será porque non llo reclamaron a Louzán, nin porque non expresaran o seu malestar na prensa as Asociacións de Turismo Rural e de Hostalería, que si o fixeron. Mesmo denunciaron carencias tan básicas como

alumeado, que eles mesmos tiveron que levar até os seus establecementos. Carencia total de saneamento e rede de abastecemento de auga, que parece cousa doutros tempos, ou o pésimo funcionamento da rede de teléfono. Todo isto son cuestións esenciais para os establecementos de hostalería.

Tanto a Deputación como o Concello teñen o deber de corrixir e de mellorar estas demandas, pero o que se entende por deber no PP parece que non ten nada que ver con isto.

A portavoz municipal do BNG de Meis e representantes do BNG na Deputación reuníronse con membros da Asociación de Casas de Turismo



Sanatorio da Lanzada

Rural do Salnés, que lles expuxeron o seu malestar e a súa preocupación ante tal proxecto. Expresáronlles os seus problemas e a necesidade de presentar na Deputación un proxecto alternativo que recolla estas demandas e que faga recuar ao señor Louzán no empeño de beneficiar sempre a quen cobre os seus intereses e non a quen realmente o precisa.

O centro de día, no aire

Xa hai agora tres anos que o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción para que o Concello de Meis se adherise ao Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar. Unha moción que daquela saíu adiante.

A creación do Consorcio, a través da Vicepresidencia da Xunta, dependente do BNG no seu momento, tiña como finalidade unha efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local. Tratábase da implantación dun modelo homoxéneo na prestación de servizos para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos e de calidade. Queríase contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, calidade de vida, familiar e de grupo.

Entre outras cousas, todo isto facilitaríalle ao noso concello a creación e xestión dun centro de día na nosa localidade, coa finalidade de prestarlles atención ás familias coidadoras e ás persoas maiores e dependentes, que tanto o precisan.

O BNG apostou e aposta firmemente por este tipo de proxectos, pero a día de hoxe, co goberno do Partido Popular na Xunta e no noso concello, este proxecto está completamente paralizado. Nulo interese ten o PP en potenciar e realizar



Casa de Escudeiro

este tipo de melloras sociais, así o vén demostrando dende sempre e agora, xa que non só é que non lle dean continuidade a estas políticas, senón que parece que até lles molesta que se comezara a facer, que até están desmantelando todo.

O deles é máis privatizar e darlle ganancia aos seus "amigos". O de ter servizos de calidade para as persoas que teñen máis necesidade ou, o que suporía en canto a creación de postos de traballo no noso Concello coa creación dun centro destas características, non entra dentro das súas partidas orzamentarias nin do seu proxecto político.

A Contracapa

“Feijóo é o único agresor ao idioma galego”, di Guillerme Vázquez

O BNG, en sintonía coa sociedade, pide a retirada do decreto do galego

O borrador do decreto do uso do galego no ensino non universitario, presentado en plenas vacacións de Nadal, rebaixa a presenza do idioma propio do País na educación pública. Se coa norma vixente debían ser impartidas en galego o 50% das materias como mínimo, no novo texto contéplase a redución ao 33% ao introducir, como tapadeira, o modelo trilingüe que vai resultar inaplicábel, segundo a propia comunidade educativa.

Ademais, a principal diferenza normativa radica en que se lle cede a pais e nais poder escoller o idioma no que os seus fillos aprenderán a ler e escribir; e en Primaria e na ESO decidirán a lingua na que se impartan diversas materias. “O borrador do decreto xa foi rexeitado por expertos, expertas, lingüistas, pedagogos, pedagogas, asociacións de pais e nais, sindicatos e pola Real Academia Galega; e mesmo creará conflitos nas aulas porque esa pretensión de que os pais e nais decidan en qué idioma queren escolarizar os seus fillos e fillas xa foi desestimada nunha sentenza do Tribunal Supremo, porque é competencia dos poderes públicos establecer o plano educativo de acordo coa lei vixente”, indicou o portavoz nacional do BNG, Guillerme Vázquez.

“Galiza está dando exemplo de que segue defendendo o seu idioma, como a explosión de autoestima demostrada o pasado 18 de outubro na mobilización de Queremos Galego, porque as linguas tamén son a dignidade e orgullo dos pobos”, sinalou Guillerme Vázquez. Así, diversos colectivos



Mobilización da Plataforma Queremos Galego contra o decreto de Feijóo

están a organizar novas mobilizacións e paros no ensino contra o decreto do galego, como resposta á política anti-idioma emprendida polo Partido Popular.

Defensa da lingua

O portavoz nacional pediulle a Feijóo que respecte o Estatuto de Autonomía, o Plano de Normalización Lingüística e a Lei de Normalización Lingüística e que, consecuentemente, retire o decreto e restitúa a proba de galego no acceso á Función pública. “Feijóo é o único agresor ao idioma galego, nós limitámonos a defendelo, que non se nos pida que cedamos nin un milímetro na súa defensa”, expuxo Guillerme Vázquez, “e o consenso non se pode construír sobre a agresión ao noso idioma”.

O PP e a Xunta de Galiza atacan a lingua galega no borrador do decreto do uso do galego no ensino, “segundo compromisos adquiridos con sectores minoritarios e extremistas, que defenden o unilingüismo en español”, dixo o portavoz nacional.

Lobeira: “Poden volver tempos de mestres e mestras expedientadas”

Para o deputado nacionalista Bieito Lobeira, o obxectivo do decreto consiste en “eliminar os resortes legais que foi conquistando o idioma galego, tamén no ámbito do ensino, coa finalidade de erradicalo, de exterminalo”.

“O retroceso é brutal. Nunca o PP se atrevera a tanto en 30 anos de andaina autonómica. Este decreto pretende levar o conflito á propia comunidade educativa, ás ANPAS, aos consellos escolares e ás aulas. Poden tornar tempos, que xa pensabamos esquecidos, de mestres e mestras expedientadas polo uso do galego na súa propia Terra”, dixo.

O deputado parlamentar sinalou que “é a presión política e social o único camiño para enfrontar esta situación e defender, agora si, o dereito e a liberdade ao uso do idioma galego. Iniciativas como as da plataforma Queremos Galego, na que participa o BNG, son imprescindíbeis para criarmos consciencia colectiva, autoestima e defensa do noso, da lingua galega”, destacou.

Como contactar co BNG de Meis:

Rúa Edelmiro Trillo, 19-ofc. B
36600 Vilagarcía
Tlf/Fax: 986 565 059
Correo: salnes@bng-galiza.org

